

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O MANTEMENTO DO EMPREGO FEMININO “EMPRENDOU EN FEMININO”, CONVOCATORIA PARA O ANO 2025.

Anuncio

A Xunta de Goberno desta Deputación acordou, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de xullo de 2025, aprobar as bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións para o mantemento do emprego feminino “EmprendOU en feminino”, convocatoria para o ano 2025, con suxeición as seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que estean a desenvolver proxectos empresariais, de autoemprego ou profesionais en municipios da provincia de Ourense e proceder á súa convocatoria para este ano 2025.

Segunda. Requisitos das beneficiarias e dos proxectos empresariais.

1.- Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas físicas que, a partir do 1 de xaneiro de 2023, iniciasen a súa actividade empresarial ou profesional por conta propia nalgún dos municipios da provincia de Ourense.

O orzamento dispoñible estará destinado nun 75% ás iniciativas empresariais e/ou profesionais cuxo centro de traballo se atope nalgún municipio ourensán de menos de 20.000 habitantes. O resto do orzamento, ata o seu esgotamento final, será asignado por rigoroso orde de prelación, con independencia do concello onde se produza a iniciativa de emprendemento, sempre e en todo caso que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser muller.
- b) Ter unha antigüidade mínima de 6 meses na actividade empresarial/profesional á data da solicitude.
- c) Ter máis de 16 anos e menos de 35 anos.
- d) Ter nacionalidade española ou ser cidadá da Unión Europea ou dos estados parte do Acordo Económico Europeo ou de Suíza, ou ser estranxeira titular dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar pola súa conta.
- e) Estar dada de alta como residente no padrón dalgún dos municipios da provincia de Ourense.
- f) Estar dada de alta na Seguridade Social en calquera réxime para o exercicio por conta propia ou como colexiada en exercicio nunha mutualidade colexial cunha antigüidade mínima de 6 meses á data da solicitude.



g) Estar dada de alta para a actividade subvencionada nalgún municipio da provincia de Ourense, acreditado mediante o modelo común (modelo 036) ou simplificado (modelo 037), cunha antigüidade mínima de 6 meses á data da solicitude.

2.- Para os efectos destas bases, entenderanse incluídas como persoas beneficiarias as que, cumprindo os requisitos esixidos no apartado anterior, exerzan a súa actividade por conta propia (autónomas), como sociedade civil, comunidade de bens ou calquera outra entidade mercantil, incluída as cooperativas ou entidades de economía social. En todo caso, terán que solicitar o acceso a estas axudas a título individual.

Terceira. Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 24111 48941 ata un máximo de 100.000,00 € dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense. Ano 2025.

Cuarta. Contía e xestión da subvención.

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica cun importe fixo equivalente á metade do salario mínimo interprofesional do ano 2025 (592,00 €) por persoa solicitante que cumpra todos os requisitos previstos nestas bases.

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases e serán adjudicadas por rigoroso orde de prelación de solicitudes ata o esgotamento do crédito sempre en atención ao previsto na base segunda.

Quinta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

1. De conformidade co establecido no artigo 4.i) da vixente Ordenanza provincial reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación de Ourense e aos seus entes dependentes adscritos (BOP nº 230, do 05.10.2021), en relación co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as solicitudes dos interesados deberán presentarse exclusivamente de forma electrónica no rexistro electrónico da Deputación Provincial de Ourense ou no rexistro electrónico de calquera das entidades públicas recollidas no artigo 2.1 da Lei 39/2015, sempre que, neste último caso, o devandito rexistro se atope integrado no sistema SIR.

2. As solicitudes poderán presentarse en calquera momento desde a publicación en extracto da presente convocatoria e ata o 15 de outubro de 2025 ou ata o esgotamento do orzamento previsto.

3. As solicitudes deberán formularse anexando a seguinte documentación, en formato electrónico:

a) Formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación. Para estes efectos, utilizarase obrigatoriamente o modelo normalizado dispoñible na web da Deputación de Ourense (www.depourense.gal).

Neste formulario deberá indicarse unha conta de correo electrónico para a recepción de avisos de posta a disposición das publicacións ou notificacións que afecten á interesada en sede electrónica que se realicen no expediente. No caso de non facilitarse este dato, a Deputación non realizará ningún aviso de comunicación, advertíndose que o expediente se tramitará electronicamente e que



todas as notificacións e publicacións realizaranse exclusivamente por esta vía, mediante a posta a disposición na sede electrónica da Deputación.

b) Documento de autorización á Deputación Provincial de Ourense para consultar e verificar na plataforma de intermediación de datos do Ministerio de Política Territorial e Función Pública os seus datos de identidade, residencia, cumprimento dos deberes coa Seguridade Social e cumprimento dos seus deberes tributarios con Axencia Estatal Tributaria. Para estes efectos, utilizarase obrigatoriamente o modelo normalizado dispoñible (www.depourense.gal).

Os solicitantes que presenten esta autorización só estarán obrigados a presentar a documentación prevista no apartado c) seguinte.

A presentación deste documento non é obrigatorio, pero en caso de non presentarse, a Deputación non realizará de oficio a consulta e verificación dos datos dos solicitantes sinalados no parágrafo anterior. Neste suposto, e dado o carácter obrigatorio da achega dos devanditos datos para poder resolver sobre a solicitude, as interesadas que non presenten a autorización deberán anexar coa súa solicitude a totalidade da documentación prevista no apartado d).

c) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria no suposto en que a solicitante autorice á Deputación Provincial a consulta e verificación dos seus datos a través da plataforma de intermediación de datos das administracións públicas do Ministerio de Política Territorial e Función Pública:

1) Certificado de estar dado de alta para a actividade subvencionada nun municipio elixible no censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal Tributaria.

2) Certificado de vida laboral.

3) Certificado emitido pola mutualidade colexial profesional onde conste a data de alta no exercicio profesional da persoa solicitante, no caso de exercicio de profesións colexiadas que contén con este sistema alternativo á alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.

4) Declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a segundo o formulario que se obterá na plataforma informática.

5) Certificado de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e non ter pendente de pago ningunha débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A esixencia de presentación da documentación prevista neste apartado xustifícase ao non estar dispoñible a súa consulta e verificación nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

d) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria no suposto en que a solicitante non autorice á Deputación Provincial a consulta e verificación dos seus datos a través da plataforma de intermediación de datos das administracións públicas do Ministerio de Política Territorial e Función Pública:



Neste suposto, a interesada deberá achegar os seguintes documentos:

- 1) DNI ou NIE da solicitante.
- 2) Certificado de empadramento da persoa solicitante nun municipio da provincia de Ourense.
- 3) Certificado de estar dado de alta para a actividade subvencionada nun municipio da provincia de Ourense, no censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal Tributaria.
- 4) Certificado de vida laboral da persoa solicitante.
- 5) Certificado emitido pola mutualidade colexial profesional onde conste a data de alta como profesional en exercicio da persoa solicitante, no caso de exercicio de profesións colexiadas que contén con este sistema alternativo ao alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social.
- 6) Declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria segundo o formulario que se obterá na plataforma informática.
- 7) Certificado de atoparse ao corrente nos seus deberes coa Seguridade Social, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
- 8) Certificado de atoparse ao corrente nos seus deberes tributarios, expedido pola Axencia Estatal Tributaria.
- 9) Certificado de atoparse ao corrente nos deberes tributarios e non ter pendente de pago ningunha débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Se a documentación esixida en calquera dos apartados anteriores xa conste achegada pola persoa solicitante ante calquera administración pública non será necesaria a súa presentación, sempre que, conforme co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, a interesada indique en que momento a presentou e ante que órgano administrativo, co fin de que a Deputación poida obter, de modo electrónico, a dita documentación a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos doutros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas non fose posible a consulta ou verificación de datos nas plataformas de intermediación das administracións públicas, a Deputación poderá solicitar á interesada que achegue a documentación de que se trate, dándolle para o efecto un prazo de dez días hábiles.

Sexta. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais que figuran nas solicitudes está fundamentada no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018 de protección dos datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixido nas presentes bases necesaria para



o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa para facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa solicitante do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

b) Os datos de contacto do delegado de protección de datos son na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: dpd@depourense.gal.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser persoa beneficiaria. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica.

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a realización da publicación, podendo, a partir deste prazo, ser suprimida de maneira motivada a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida á persoa responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal das persoas interesadas non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos entregados coa solicitude é a necesidade destes datos para o cumprimento dos deberes legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade destes datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.



Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Defensor/a d Pobo, Valedora/Valedor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao amparo do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na devandita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento, ben á Presidencia da Deputación, como responsable, ou directamente ao/á delegado/a de protección de datos, o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos devanditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular da persoa interesada, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á persoa responsable, Presidencia da Deputación Provincial, postalmente na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, e mediante correo electrónico ao: gabinete.presidencia@depourense.gal, de igual modo, directamente ante a/o delegada/ou de protección de datos, na mesma dirección postal e no correo electrónico: dpd@depourense.gal.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección das persoas beneficiarias, dará lugar á exclusión das/os interesadas/os do procedemento.



l) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima. Procedemento de concesión.

A Área de Benestar da Deputación de Ourense será a unidade administrativa encargada da tramitación das solicitudes presentadas.

Presentada a solicitude, a Área de Benestar procederá á comprobación da corrección da documentación achegada. No caso de que se advertisen defectos materiais na documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a súa emenda.

Verificada a corrección da documentación presentada e o cumprimento dos requisitos para o seu acceso, as subvencións adxudicaranse pola Xunta de Goberno seguindo a orde de prelación establecido pola data e hora da presentación das solicitudes no rexistro electrónico da Deputación de Ourense. No caso de que as solicitudes non cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases, procederase á súa denegación.

O acto de concesión ou denegación das subvencións non será obxecto de notificación individual, substituíndose pola súa publicación na sede electrónica da Deputación, conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Oitava.- Xustificación e pago da subvención.

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia na persoa solicitante da circunstancia acreditada de ser titular dun proxecto de emprendemento iniciado en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2023, ter unha antigüidade mínima no emprendemento de 6 meses á data de solicitude e seguir activa nela, non se requirirá outra xustificación que a comprobación que poida vir derivada da solicitude da Intervención da Deputación de Ourense, que poderá esixirllles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación do cumprimento dos requisitos da subvención.

Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Novena.- Compatibilidade con outras axudas e subvencións públicas.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, subvencións, ingresos e recursos recibidos pola persoa beneficiaria, procedente de calquera administración, ente público ou privado, nacional ou internacional.

Décima.- Reintegro da subvención.

No caso de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación vixente, procederase a tramitar un expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou de perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento da persoa beneficiaria, graduándose conforme co principio de proporcionalidade.



Unha vez incoado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle un prazo de quince días hábiles á interesada para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista desta, propoñer as probas e/ou realizar as alegacións que teñan conveniente. Concluídas as actuacións e emitidos os oportunos informes, a Presidencia ditará a resolución que corresponda.

Undécima.- Normativa de aplicación.

Será de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu amparo a normativa vixente en materia de subvencións e procedemento administrativo aplicable ás administracións locais, e, en particular, as normas seguintes:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral reguladora das subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Publícase isto, advertindo que contra este acordo se poden interpoñer os seguintes recursos:

No caso de particulares, pódese interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

No caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, no caso de que se formule o requirimento previo, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado. Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 23 de xullo de 2025. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 1.891

